

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/046

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: ED431G-2023/09

Título: Axudas para a acreditación, estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar Tecnoloxías avanzadas) da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia)

Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión de I+D+i

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/05/2024 FIN: 30/11/2027

CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía

OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica. Técnico/a de transferencia.

LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres de 8:00 a 15:00 h

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 DE XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))

Investigador/a contratado/a doutor/a	☐	Axudante de apoio á investigación	☐
Xestor/a de investigación	☒ MECES: 2	Técnico/a administrativo/a e de xestión	☐
Colaborador/a de investigación	☐ MECES:	Axudante de apoio á investigación	☐
Técnico/a de apoio á investigación	☐ MECES:		

XORNADA Tempo Completo: ☒ Tempo Parcial: ☐ DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/04/2026TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐ Duración determinada ☒ DATA FIN CONTRATO: 31/03/2027

RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.065,00 € *brutos/mes

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599241022 541A 6490206

* O pago da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Título de grao

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben de cumprirse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register)Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):

- Titulares: Carlos Platas Iglesias (presidente, CAT-UN), M^a Isabel González Siso (secretaria, CAT-UN) e Jaime Rodríguez González (CAT-UN).
- Suplentes: Elena Pazos Chantrero (presidenta, TIT-UN), Ana Rey Rico (secretaria, PPL-LOSU) e Armand Hernández Hernández (Investigador Ramón y Cajal, PR-RC).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	7cNQs7cZwZt1hkM1Q4Mbag==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	06/03/2026 13:11:12
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/7cNQs7cZwZt1hkM1Q4Mbag%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 6 de marzo de 2026

O INVESTIGADOR PRINCIPAL,

Asdo.: Carlos Platas Iglesias

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	7cNqS7cZwZt1hkM1Q4Mbag==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	06/03/2026 13:11:12
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/7cNqS7cZwZt1hkM1Q4Mbag%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O “CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía” da UDC foi acreditado no ano 2024 como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), uníndose como centro de investigación de excelencia á Rede CIGUS da Xunta de Galicia.

O CICA conta na actualidade con 30 grupos de investigación adscritos e diríxese a tres áreas temáticas estratéxicas: Biomedicina (BMed); Alimentación, Contaminación e Saúde (ACeS); e Nanociencia e Materiais Avanzados (NeMA).

A acreditación e pertenza do centro á Rede CIGUS de Galicia requirirá de tarefas de apoio e seguimento concretas, así como de posicionamento futuro, no que o CICA buscará a continuidade da súa excelencia científica e a singularidade dentro do espazo de investigación galego.

Unha das pezas fundamentais do CICA neste novo período será o fortalecemento da estrutura de xestión e transferencia da I+D do centro, facéndoa máis especializada, en consonancia cos modelos de xestión doutros centros de investigación de referencia da contorna.

O CICA require a contratación dunha persoa responsable das actividades de transferencia de coñecemento e tecnoloxía do centro, que se integrará na Oficina de Xestión e contribuirá ao fortalecemento da relación entre a investigación e a contorna socio-empresarial. Búscase unha persoa con formación e experiencia en áreas vinculadas á transferencia de resultados de I+D, preferiblemente con traxectoria en centros acreditados pola Xunta de Galicia e familiaridade coa xestión operativa e estratéxica da valorización do coñecemento. O/a técnico/a contratado/a apoiará a identificación e posta en valor de resultados transferibles, a promoción de colaboracións con empresas e a preparación e seguimento de iniciativas de transferencia, achegando ademais soporte directo á dirección do CICA nas actuacións relacionadas con estas materias.

a) As tarefas máis importantes que realizará, entre outras, serán:

- Identificación de resultados de investigación con potencial de transferencia e acompañamento ao persoal investigador na definición de roteiros de valorización e posibles mecanismos de protección, en coordinación coa oficina de transferencia (OTC) da UDC.
- Coordinación coa oficina de transferencia nos aspectos relacionados coa protección e explotación da propiedade intelectual xerada no centro, así como seguimento dos procesos xestionados por provedores externos ou entidades especializadas.
- Identificación de oportunidades de colaboración con empresas e outros axentes do ecosistema, e organización de reunións, visitas e presentacións orientadas a fortalecer a conexión ciencia-empresa.
- Elaboración de fichas tecnolóxicas e materiais técnicos necesarios para a promoción de capacidades do centro con apoio do equipo de comunicación do centro.
- Asesoría na preparación de propostas de proxectos en colaboración con empresas e seguimento de contratos de I+D+i con entidades externas.
- Coordinación de talleres e accións formativas sobre valorización, transferencia de coñecemento e colaboración con empresas, ademais de apoio ao persoal investigador nestes temas.
- Apoio ao emprendemento científico mediante o acompañamento en análises iniciais de viabilidade, modelos de negocio e preparación de documentación para programas de incubación ou aceleración.
- Rexistro e seguimento das actividades de transferencia e dos indicadores asociados, así como elaboración de informes para memorias anuais, auditorías e solicitudes de financiamento, en caso de requirirse.
- Asistencia e participación en eventos, xornadas e accións relacionadas coa transferencia de coñecemento, innovación e colaboración co sector produtivo

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	7cNqS7cZwZt1hkM1Q4Mbag==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	06/03/2026 13:11:12
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/7cNqS7cZwZt1hkM1Q4Mbag%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



b) Requisitos e experiencia valorable do/a candidato/a:

- Título de grao preferiblemente en Bioloxía, Biotecnoloxía, Química, Bioquímica, Nanociencia, Ciencias Biomédicas, Ciencias ambientais.
- Experiencia en transferencia de coñecemento ou xestión tecnolóxica.
- Experiencia en interlocución con empresas, administracións e axentes do ecosistema de innovación.
- Nivel alto de inglés, preferentemente C1 ou equivalente segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas (MERCL).

c) Criterios e valoración de méritos (táboa de valoración):

¡IMPORTANTE! O *curriculum vitae* debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1. Titulación académica	1.1. Título de grao en Bioloxía, Biotecnoloxía, Química, Bioquímica, Nanociencia, Ciencias Biomédicas, Ciencias ambientais.	10 puntos	10 puntos
	1.2. Título de grao noutras disciplinas.	5 puntos	5 puntos
2. Experiencia en investigación	2.1. Título de mestrado en Bioloxía, Biotecnoloxía, Química, Bioquímica, Nanociencia, Ciencias Biomédicas, Ciencias ambientais.	5 puntos	5 puntos
	2.2. Experiencia en proxectos de investigación en química, bioloxía ou áreas afíns, preferiblemente en centros acreditados, con coñecemento de metodoloxías experimentais e capacidade para identificar resultados con potencial de transferencia.	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos
3. Experiencia profesional en transferencia de coñecemento	3.1. Experiencia en xestión de proxectos de I+D+i e colaboración con empresas ou centros tecnolóxicos.	0,5 puntos x mes traballado	10 puntos
	3.2. Experiencia en transferencia de coñecemento, valorización de resultados e apoio a emprendemento científico.	0,5 puntos x mes traballado	15 puntos
4. Formación	4.1. Asistencia acreditada a cursos relacionados con transferencia de tecnoloxía, xestión de propiedade intelectual, valorización de resultados de investigación, colaboración universidade-industria e apoio ao emprendemento científico.	0,5 puntos x 10 horas	10 puntos
	4.2. Certificación RTTP (Registered Technology Transfer Professionals).	5 puntos	5 puntos
	4.3. Nivel C1 de inglés ou equivalente segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas (MERCL).	5 puntos	5 puntos
5. Entrevista persoal	5.1. Entrevista persoal aos/ás candidatos/as con maior puntuación nos apartados anteriores (4 candidatos/as)		25 puntos

Listaxe de agarda: establecerase unha listaxe de agarda conformada coa puntuación obtida na valoración de méritos, sen incluír a entrevista. Puntuación mínima: 45 puntos.

NOTAS IMPORTANTES:

- *Presentar o currículo vitae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de Criterios e valoración de méritos (apartado c). Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.*
- *Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración destas.*
- *Na formación é imprescindible indicar o número de horas (en caso de non indicarse non se valorará).*
- *En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.*
- *Ademais de presentar a documentación indicada ao pé deste documento, é necesario achegar documentos acreditativos de todos os méritos incluídos no CV. Os méritos non xustificadas documentalmente poderán non ser valorados.*
- *Anexar o certificado acreditativo do nivel de inglés C1.*
- *No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación total superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.*

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao amparo da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	7cNQs7cZwZt1hkM1Q4Mbag==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Científico/a - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) - Carlos Platas Iglesias	Asinado	06/03/2026 13:11:12
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/7cNQs7cZwZt1hkM1Q4Mbag%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

